

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 2 de abril de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convocan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o ano 2012.

Segundo o Decreto 12/2012, do 4 de xaneiro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro, o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, e o Decreto 52/2012, do 26 de xaneiro, a Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Para darlle cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, esta secretaria xeral convoca unha resolución de axudas económicas en favor dos emigrantes retornados e os seus familiares que ten por finalidade axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

No marco desta resolución preténdese reforzar a cobertura aos galegos retornados da terceira idade, así como establecer, ademais das axudas concedidas con carácter xenérico, outras destinadas a sufragar, cos límites establecidos, os seguintes gastos derivados do retorno consistentes en traslado de enxoval, gastos da viaxe do retorno e tradución e legalización de documentos.

Estas axudas fundaméntanse en feitos de urxente atención, teñen carácter simplemente paliativo e destínanse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas derivadas do retorno que, polas súas circunstancias, requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos polos afectados, de tal xeito que alcancen a complementar ou aliviar a carencia de

recursos. Polos ditos motivos e dada a súa excepcionalidade por razóns de interese social, propónse un mecanismo de tramitación e resolución que, sen prexuízo da obxectividade da concesión e das garantías na súa aplicación, faciliten a cobertura, curso e resolución sobre as peticións que se formulen.

Todo isto de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e no exercicio das facultades que me confire a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na normativa que a desenvolve,

RESOLVO:

Artigo 1. *Convocatoria.*

Convocar axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o ano 2012 que teñen como finalidade axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

A dita resolución de convocatoria rexerá polas bases reguladoras establecidas no anexo I da Resolución do 12 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (DOG n.º 72, do 19 de abril).

Non obstante o anterior, a mención á resolución feita nos artigos 4.1.b), 4.1.c), 4.2, 4.3, 8.1.4) e 18 das ditas bases reguladoras enténdese referida á presente resolución de convocatoria.

Artigo 2. *Solicitudes.*

A solicitude deberá presentarse segundo o modelo normalizado recollido no anexo desta resolución de convocatoria xunto coa documentación relacionada no artigo 8 das bases reguladoras da Resolución do 12 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, publicada no DOG n.º 72, do 19 de abril. Este modelo de solicitude tamén poderá

obterse a través do portal da Secretaría Xeral da Emigración no seguinte enderezo da internet: <http://emigracion.xunta.es/>

As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños n.º 2, 15704 Santiago de Compostela), ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

O prazo de presentación das solicitudes será desde a data de publicación desta resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de setembro de 2012.

Artigo 3. *Desenvolvemento e aplicación.*

O secretario xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución de convocatoria.

Artigo 4. *Financiamento.*

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de setenta mil euros (70.000 €) correspondentes á aplicación orzamentaria 04.50.312C.480.0.

Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación.

Artigo 5. *Réxime de recursos.*

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o secretario xeral da Emigración, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2012.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO

PROCEDEMENTO AXUDAS EXTRAORDINARIAS A EMIGRANTES GALEGOS/AS RETORNADOS/AS E AOS SEUS FAMILIARES PARA O EXERCICIO 2012	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR905A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1. DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS NIF OU PASAPORTE

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

2. TIPO DE SOLICITANTE (marcar cun X onde corresponda)

EMIGRANTE NATURAL DE GALICIA
 FAMILIAR DE EMIGRANTE NATURAL DE GALICIA

INDICAR PARENTESCO

3. AXUDAS SOLICITADAS DO ARTIGO 6.2.º DAS BASES REGULADORAS

TIPO DE AXUDA SOLICITADA	IMPORTE EN EUROS
GASTOS DE VIAXE	<input type="text"/>
TRASLADO DE ENXOVAL	<input type="text"/>
TRADUCIÓN E LEGALIZACIÓN DE DOCUMENTOS	<input type="text"/>

4. DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

	APELIDOS E NOME	IDADE	PARENTESCO CO/COA SOLICITANTE
SOLICITANTE	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OUTROS/AS COMPONENTES DA UNIDADE FAMILIAR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) Deberán incluírse neste punto todos os membros da unidade familiar nos termos do artigo 5.1.º das bases reguladoras.

5. DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR

	APELIDOS E NOME	PARENTESCO CO/COA SOLICITANTE	INMOBLES ¹	MOBLES (certificacións bancarias)	TIPO DE INGRESOS/RENDAS (pensións, salarios) ²	CONTÍA TOTAL DE INGRESOS
SOLICITANTE	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OUTROS/AS COMPONENTES DA UNIDADE FAMILIAR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

1. Recibo do imposto que os grave ou contrato de compravenda.
2. Terán a consideración de ingresos e rendas os referidos no artigo 4.1.e) das bases reguladoras.

CVE-DOG: 1gwzss16-v1c6-thp9-f3r6-btxaflumyuh2



ANEXO
(continuación)**6. DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU CALQUERA OUTRO ENTE PÚBLICO OU PRIVADO REFERIDA AO/Á SOLICITANTE OU AOS MEMBROS DA SÚA UNIDADE FAMILIAR**

SOLICITANTE DA AXUDA	ORGANISMO COMPETENTE	TIPO DE AXUDA	DATA DA SOLICITUDE OU CONCESIÓN (*)	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*) Indíquese se foi concedida ou solicitada

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos neste formulario se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta secretaría como responsable do ficheiro.

Como persoa titular ou persoa representante DECLARO que son certos cantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que estou en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 2 de abril de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se convocan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o ano 2012.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU DO REPRESENTANTE LEGAL

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral da Emigración
Rúa dos Basquiños, n.º 2
15704 Santiago de Compostela

7. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA

TITULAR/ES DA CONTA BANCARIA

NIF OU PASAPORTE

CÓDIGO BANCO

CÓDIGO SUCURSAL

DÍXITO CONTROL

CÓDIGO DA CONTA

NOME DA ENTIDADE BANCARIA

ENDEREZO DO BANCO (RÚA E NÚMERO)

CÓDIGO POSTAL DO BANCO

PROVINCIA DO BANCO

LOCALIDADE DO BANCO

8. DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que son certos os datos consignados nesta solicitude e acepto someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicita, de ser o caso, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que non me atopo incurso/a en ningunha causa de prohibición para obter a condición de beneficiario/a, segundo o establecido no artigo 10.2.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que me atopo ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, e que non teño pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de non ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

SI NON

TAMÉN autorizo a Secretaría Xeral da Emigración para que poida obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria información relativa aos meus ingresos, rendas e situación patrimonial, así como dos demais membros da unidade familiar.

SI NON

TAMÉN autorizo a Secretaría Xeral da Emigración, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade e a miña residencia, así como das persoas que constan inscritas no meu domicilio, nos Sistemas de Verificación de Datos de Identidade e Residencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON

Lugar e data

 , de de

SIGNATURA DO/DA SOLICITANTE

Secretaría Xeral da Emigración

Rúa dos Basquiños, n.º 2

15704 Santiago de Compostela

9. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE (ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA):
(marcar cun X o que corresponda)

- DNI OU PASAPORTE EN VIGOR DO/DA SOLICITANTE, NO CASO DE QUE ESTE/A DENEGUE A AUTORIZACIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE OBTENGA DE FORMA DIRECTA OS DATOS QUE FIGURAN NO DNI.
- DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DAS AXUDAS SEGUNDO O ARTIGO 3 DAS BASES REGULADORAS (LIBRO DE FAMILIA, PARTIDA DE NACEMENTO, CERTIFICACIÓN CONSULAR, ETC.).
- ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DA RELACIÓN DE PARENTESCO DO/DA SOLICITANTE CO/COA GALEGO/A DE ORIXE SEGUNDO O ARTIGO 3.1.º B DAS BASES REGULADORAS (LIBRO DE FAMILIA, PARTIDA DE NACEMENTO, ETC.).
- LIBRO DE FAMILIA DO/DA SOLICITANTE/CERTIFICADO DE MATRIMONIO/CERTIFICADO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DE GALICIA, DE SER O CASO.
CERTIFICACIÓN MUNICIPAL EMITIDA CON POSTERIORIDADE Á DATA DE ENTRADA EN VIGOR DA RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA QUE ACREDITE A ALTA NO PADRÓN DO/DA SOLICITANTE NO CONCELLO GALEGO DE RESIDENCIA E A CONVIVENCIA DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR, NO CASO DE QUE O/A SOLICITANTE DENEGUE A AUTORIZACIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE POIDA ACCEDER AOS DATOS DO PADRÓN MUNICIPAL REFERIDOS Á DATA DE INSCRIPCIÓN E ÁS PERSOAS QUE FIGURAN INSCRITAS NO SEU DOMICILIO.
- CERTIFICADO DE EMIGRANTE RETORNADO/A OU CERTIFICADO E301, DE SER O CASO.
- BAIXA CONSULAR.
- CERTIFICACIÓN DE VIDA LABORAL EXPEDIDA POLA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, DE SER O CASO.
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS INGRESOS ECONÓMICOS E RENDAS DO/DA SOLICITANTE E DA UNIDADE FAMILIAR ENTENDIDA COMO SE SINALA NO ARTIGO 5.1.º DAS BASES REGULADORAS (COPIAS DE NÓMINAS, DE CONCESIÓN DE PENSIÓNS, ETC.).
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/DA SOLICITANTE DE QUE NINGÚN MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR, INCLUIDO O/A INTERESADO/A PERCIBE INGRESOS ECONÓMICOS E RENDAS DE CALQUERA NATUREZA, DE SER O CASO.
DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/DA SOLICITANTE DE QUE NINGÚN MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR, INCLUIDO/A EL/ELA MESMO, TEN OUTROS BENS MOBLES OU INMOBLES, A EXCEPCIÓN DA VIVENDA HABITUAL, DE SER O CASO.
- ACREDITACIÓN DO VALOR DOS BENS MOBLES E/OU INMOBLES, SE É O CASO (RECIBO DO IMPOSTO QUE OS GRAVE, CONTRATO DE COMPRA-VENDA, CERTIFICACIÓN BANCARIA).
SE O/A SOLICITANTE É O CÓNXUXE VIÚVO/A OU ORFO/A DO/DA EMIGRANTE, CERTIFICADO DE DEFUNCIÓN DO/DA EMIGRANTE EXPEDIDO POLA AUTORIDADE COMPETENTE DO PAÍS ONDE SE PRODUCISE O FALECIMENTO.
- INFORME MÉDICO EXPEDIDO POLOS SERVIZOS PÚBLICOS DE SAÚDE ESPAÑOIS, NO CASO DE ALEGAR ENFERMIDADE.
- CERTIFICADO EXPEDIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE EN ESPAÑA QUE ACREDITE O GRAO DE DISCAPACIDADE, NO CASO DE ALEGAR TAL CIRCUNSTANCIA.
- DOCUMENTO OFICIAL QUE ACREDITE TER SIDO VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO, NO CASO DE ALEGAR TAL CIRCUNSTANCIA.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE, PROCEDENTES DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DE CALQUERA OUTRO ENTE PÚBLICO OU PRIVADO, INCLUIDA NESTE ANEXO.
- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS GASTOS PREVISTOS NO ARTIGO 6.2.º DAS BASES REGULADORAS.
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA, INCLUIDA NESTE ANEXO.
- DECLARACIÓN EN QUE O/A SOLICITANTE PRESTA O SEU CONSENTIMENTO PARA QUE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN POIDA OBTEN DA AGENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA INFORMACIÓN RELATIVA AOS SEUS INGRESOS, RENDAS E SITUACIÓN PATRIMONIAL, ASÍ COMO DOS DE MAIS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR, INCLUIDA NESTE ANEXO.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO/A EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA, QUE IMPIDEN OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DAS SUBVENCIÓNS REGULADAS POLA DITA LEI, INCLUIDA NESTE ANEXO.
- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS, ESTATAIS E AUTONÓMICAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON SER DEBENDOR/A POR RESOLUCIÓN DE PROCEDENCIA DE REINTEGRO, INCLUIDA NESTE ANEXO.
- AUTORIZACIÓN Á SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE CONSULTE OS MEUS DATOS DE IDENTIDADE E RESIDENCIA NOS SISTEMAS DE VERIFICACIÓN DE DATOS DE IDENTIDADE E RESIDENCIA DO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Secretaría Xeral da Emigración
Rúa dos Basquiños, n.º 2
15704 Santiago de Compostela